

Mr. Iglú
fai amigos!!!



ecovidrio

ENTIDAD SIN ÁNIMO DE LUCRO

Mr. Iglú

fai amigos!!!





Cando separamos correctamente o lixo nos nosos fogares estamos facendo posible a súa posterior reciclaxe. Non o esquezas!

Lucas, Vito e Lilia están construíndo un xoguete con obxectos reciclados. Isto vai ser ben divertido! Anselmo está deitado no sofá: agora di que fai ioga. O can Antenas e o gato Evaristo lémbrañlle que deben baixar o vidro ao contedor.



Os contedores están preto da casa.
Hai un para cada tipo de residuo e
o vidro debe ir sempre no iglú verde.

Non vos parece un dos contedores
máis curiosos? Semella unha casa
de esquimós



Pero de onde saíu este bicho?
Miña naiciña, que boca ten !!!



-Vide, vide! Hai un monstro onda os contedores que case nos merenda. É regordete. Ben se lle ve que é un comellón de primeira...Menos mal que lle tiramos os frascos de vidro!

Lilia, Vito e Lucas xa acabaron de montar o robot. Preferirían xogar con el toda a tarde pero estes tres insisten en que hai un monstro. Hai que ver...canta imaxinación!



Anselmo non dá creto
ao que ve:
Lilia anda a bicos e
apertas co monstro!
-Pero...toleaches?
Non ves a boca que ten?

-Que non é un monstro!
É un bo amigo:
chámase Míster Iglú.

Vide que volo presento e expícovos.
Encárgase de recoller os envases
de vidro.



Mister Iglú é o contedor encargado de recoller as botellas, os frascos e os tarros de vidro que despois se reciclarán.

Hai un novo compañeiro na panda. Mister Iglú semella moi simpático. Ata Anselmo está encantado con el. Mellor que saibamos algo máis da súa tarefa.



Pois si que é importante o traballo de Mister Iglú.
Se o depositamos correctamente no seu contedor, o vidro ten moitas vidas.
Queredes saber o que conseguimos separándoo ben?

- Mentres que outros envases só teñen unha vida, a botella de vidro pode reciclarse innumerables veces.
- Cada botella que come Mister Iglú tradúcese nun aforro de electricidade: serve, por exemplo, para manter acendida todo o día unha lámpada. A que é increíble?






- Lembraide que non se poden tirar tapas nin tapóns. Tampouco espellos ou lámpadas. Ao pobre Mister Iglú séntanlle moi mal.
- Cantos máis envases de vidro reciclemos máis contento estará Mister Iglú.
- Recordade sempre a Mister Iglú á hora de tirar o vidro. Separando correctamente facemos posible un planeta máis verde.



Os nosos amigos estano a pasar xenial.
Hoxe toca fútbol!

Ollade quen está de porteiro: Mister Iglú.
É imposible meterlle un gol. Ocupa case toda a portaría!









Ecovidro é unha asociación sen ánimo de lucro encargada de xestionar os residuos de envases de vidro depositados nos contedores de toda España. Visítanos en www.ecovidrio.es

Ademais, temos moitos máis recursos educativos, material para nais, pais e profesores e unha divertida app para smartphones en:

www.daledecomeramriglu.com
www.reciclaavidrio.com

Búscanos tamén nas redes sociais e no noso blog:

www.twitter.com/ecovidrio
www.facebook.com/reciclaavidrio
www.instagram.com/ecovidrio
www.youtube.com/user/reciclaavidrio
www.hablandoenvidrio.com

Visita tamén a web de Sogama:
www.sogama.es

Depósito legal: C 944 - 2015

ecovidrio

ENTIDAD SIN ÁNIMO DE LUCRO

